



CONCURSO LITERARIO

1º PREMIO

TRASNOS FEIRANTES

Xavier Barreiro

Debuxos de Luís Cid

«Pócemas para o mal de amores, feitizos dun día, conxuros para meigas chuchonas, corno esfeilado de trasno, aturuxos de tronante, tempo de vivos medido nun reloxo con areas de ouro, flores de figueira, ovos de pita choca dun galo negro, cuspe de Satán en cunca de garabano, peidos cheirentos de Lucifer en pó, soños de tolo, pensamentos esquecidos dunha muller enamorada e ultraxada, raiolas do Arco da Vella, cirios e candeas usados pola Santa Compañía, petiscos de xiria de demouchiños, ollos e aguillóns de serpe, coiro de sapo, bilis de neno nacido morto, acios de linguas de mouros e auténticos libros máxicos de druída!». Berrando esta proclama é como os trasnos feirantes anuncian a súa mercadoría, é o “business trasning”. Ninguén sabe dende cando, pero canto trasno hai na Nosa Terra reúnense nunha romaría unha vez no ano, ata o de hoxe.

Cada feira dos mortais humanos ten o seu intrínquilis: uns van tomar o polbo e feirearse, outros mercan un carneiro, ás veces broa e bica de Trives, tamén venden un xato, acoden gaiteiros e pandereiteiras, ...

Nesta feira meigalla o tempo semella deterse e o espacio é paralelo ó noso. Os trasnos feirantes xúntanse en Meiganova dos Trasnantes, a nosa Vilanova dos Infantes, onde só a xente de bo corazón, os nenos e todo aquel que queira algo destes seres infernais poderá velos e tratalos.

Cada feira dos mortais humanos ten o seu intrínquilis: uns van tomar o polbo e feirearse, outros mercan un carneiro, ás veces broa e bica de Trives, tamén venden un xato, acoden gaiteiros e pandereiteiras, e hai quen non vai pero sábeo todo mellor que calquera de nós que estivese por alí. Os humanos imos a estoutra feira na procura das quimeras que non vemos, para atopar o xeito de facer dano a un veciño, por envexa,... Os trasnos van por amolarnos a existencia e aproveitarse dos nosos defectos e da nosa cobiza, para demostrar o seu poderio




frente ós outros habitantes do Averno, por aprender novas mañas.

Meigas, enfeitizados, trasnos, mouras, donas, doncelas, lumias, caneiros, demouchiños e outros seres malignos con poderes supraterreros chegan alí percorrendo o Ollo de Sapo, que non é máis que un conxunto de tuneis con moitas curvas e saídas que atravesa toda Galicia, dende Estaca de

Bares ata A Mezquita. Este feito aprovéitanos estes diaños para facer esmorgas e troulas en calquera vila e desaparecer nun intre. Unha das saídas está oculta na torre de Vilanova, ben pechada, e só eles poden traspasala nesa data.

Nubeiras e Tronantes veñen polo aire anunciando a súa chegada con lóstregos, sementan raiolas de tódalas cores e as nubes, ó ras do chan, corren como se quixesen caer enriba dun paraugas. Ó remate da feira vanse co vento e agroma un silencio eterno.



As tres meigas máis fermosas de Galicia, señoras do Reino das Augas, as Xacias ou Xanas, que tecen con fíos de ouro corozos, albeos, sabanos e chambras, chegan polos regatos dende mares e ríos lonxanos.

As tres meigas máis fermosas de Galicia, señoras do Reino das Augas, as Xacias ou Xanas, que tecen con fíos de ouro corozos, albeos, sabanos e chambras, chegan polos regatos dende mares e ríos lonxanos. Trocan os farrapos dourados, seguramente meigos, pola resposta a unha adiviña. De non lle acertar hailles que dar unha mazaroca de millo corvo, pois a quen se negue convírteno en lamprea, pero de atopar o corpo perfecto de home agasallan ó seu dono cunha prenda e tentan engaiolalo para casar con el. Cando liscan dalí esvaécense no gurgullón dun regueiro.

¿Qué fan uns entes sobrenaturais feireando na romaría de Vilanova dos Infantes?

¿Qué fan uns entes sobrenaturais feireando na romaría de Vilanova dos Infantes? Topamos co Xoitamia vendendo libros e pergameus de falsa maxia; o que máis lle solicitan é o *De Corretione Rusticorum*, disque do Santo Martiño de Dumio, unha colección de follas na que o santo explica como se desfacer do mal de ollo, de meigas e outra mala xente. O *Lebor Gabala*, libro que escribiu Breogán relatando as xestas dos nosos devanceiros, e o *Ciprianillo*, libro de esconxuros galegos, teñen moita venda.



O Forriolo oferta corcoños de Gundivós cos que se fai o mellor tinte de ardentía do vagalume. Con esta tinta só se poden escribir as verdades, coas mentiras faise invisible cando se le, por iso notarios, avogados e preiteantes andan na súa procura nesta feira, pero só xurde o efecto se usamos unha pluma con punta de diamante. Nas lousas da Praza do Arrabaldo ten a súa parada un bochinche.

Calquera mortal que goce na cociña e da boa mesa pode mercarlle ó demo Cenlumes uns coitelos que cortan sos sen collelos na man, sen esforzo, e non se cegan no fío, ou decantarse por unhas tixolas que cociñan sen graxa e sen lume.

Quen aprecie os cogomelos coñecidos como lingua de boi pode trocarllos ó Zarabeto por sons de verbas xeitosas ou frases enteiras, tendo en conta que despois nunca máis volverá a pronuncialas. Este trasno tateixa cando non fala o Verbo Xido, o latín dos canteiros, pero entende moitos idiomas. Na feira, o Zarabeto instálase

nunha cachoupa ó pé da Torre de Vilanova xunto co Zoa, un demouchiño que non fala, só barbulla os sons da natureza. Co Zoa non se pode iniciar unha parrafada, pois empeza co ruxe-ruxe para non rematar en días, é como se os seus beizos fixesen de imán cos nosos tímpanos.



Calquera mortal que goce na cociña e da boa mesa pode mercarlle ó demo Cenlumes uns coitelos que cortan sos sen collelos na man, sen esforzo, e non se cegan no fío, ou decantarse por unhas tixolas que cociñan sen graxa e sen lume. Se lle dicimos unha receita que este díaño non coñeza teremos un deses agasallos. Ó amosarlle un novo arrecendo, ou se lle damos a probar un sabor descoñecido para el, comeremos dabondo e ben toda a vida. Adoita establecerse na Praza do Balcón, e como debece por comer ben vai xantear na casa de comidas ó pé da Torre.

Outro demo, o Corrigatos, que farto de comer touciño con bolos do pote se meteu frade, percorre a vila na procura dalgún chapante para convidalo, pois deste xeito vaise liberando de canto comeu de máis. Antes de enche-la andorga bendice a mesa

O Forriolo oferta corcoños de Gundivós cos que se fai o mellor tinte de ardentía do vagalume.



dicindo: *Bendícelo Dios, comámolo nós*. Cando non está chapando podemos atopalo nas adegas que ten Vilanova no seu cerne pétreo, que segundo conta a sabedoría popular cicelounas un trasno que roubaba os bocois de viño para gardalos alí.

A churrusqueiriña feiticeira Mariloira dirixe as meigas pandereteiras, que bailan diante da Fonte dos Encantamentos mentres enmeigallan ós bocaaberta que axexan e rexouban dos seus encantos. Os tronantes gaiteiros, co druída Xulimes á fronte, engarutuxan a canta boa moza escoita o son da palleta e o roncón. Dende a Praza do Arrabaldo ata a Praza Maior nenos e vellos, demos e santiños, todos xuntos gozan dos sons que saen dende o fol da nosa raigame. Hai unha meiga, Eudivoria, que ten o poder de atraer os sons, pois estes percorren o aire durante séculos dende que se emiten. Nunha destas foliadas meigas foi capaz de recoller as palabras do rei Salomón nas que se crean as notas musicais. Dende ese día, non hai músico que non saiba dos poderes desta bruxa e que non lle dedique unha muñeira en segredo, un alalá, ou calquera peza a ritmo de birimbao, chifres e frautas de cana, charrascas ou cun vinco.

O moinante trasno de Armeás vende orballos e saribas meigallas que só se deixan sentir enriba da leira do veciño ó que se quere mal.

A Cartafulleira adiviña o porvir, o pasado e calquera intimidade, propias e dos veciños. Un chisgarabís, un chuchumeco osmón, preguntoulle polo resultado dun partido de fútbol, Celta-Deportivo da Coruña, para rematar de cubrir unha quiniela. Como a meiga era celtarra e sabía que perdería o equipo de Balaídos, converteuno en chiflo de árbitro de Segunda Rexional por unha tempada.

A Vilanova, convertida en Meiganova, vai algún ser que ten máis de trasno que de humano, aínda que o resto da súa existencia viva como un cristián vello. Un deles é o Zoclón, afamado bebedor de gorra e tróspiro larpeiro, un olláparo que por mor dos litros de viño que leva no bandullo vai escorándose perigosamente en tódalas direccións ata que ó se derrubar escoitamos un rebumbio que semella o berro que fan dúas cuncas ó bater: “¡Clon, clon!”. Cando nos enterros faltan pranxideiras chámao a familia do

defunto, requerimento que agradece moito por aquilo de asistir ó convite do morto, o xantar fúnebre co finado de corpo presente no que os parentes de quen pasou á outra vida (¿mellor?) invitan a xantar ós asistentes ó velorio, xa que enterro sen choros e romaría sen gaita, non teñen gracia.

O trasno Piás coida dun fato de cabuxas dun só corno. Vende os sabanos brancos de lá destes caprinos que se poñen enriba dun feixe de fentos ó amencer do San Xoán, único xeito de atrapa-los diñoños pequenos que moran na adega da casa.

Gasterol é unha especie de menciñeiro e compostor de ósos, un boticario feiticeiro con boa fe que tenta axudar ós mortais facilitando remedios para o tiri-zollo, a erisipela, o tangaraño, o vitíligo, pócemas para picaduras de espiñas do Urco.

Chegada a hora do remate da Romaría-Feira de Meiganova, Mirambel, o druída que entona ó Ultreia dos trasnos, recita esta proclama despois de rachar unha figa de acibeche cun martelo con zutra de titanio recollido nun meteorito, e sempre enriba dunha pedra onde cuspira un neno co tangaraño:

*En Meiganova dos Trasnantes
xúntanse meigas, trasnos e feirantes.*

*Camiño de Ouréns,
Cando de Celanova se salle,
Vese un agarimoso valle
Onde o tempo se detén.*

*As xentes daquelas veigas
Van a ver alí unha santa
Que as feiticeiras espanta,
Tamén a trasnos e meigas.*

A Vilanova, convertida en Meiganova, vai algún ser que ten máis de trasno que de humano, aínda que o resto da súa existencia viva como un cristián vello.



*Hai unba meiga,
Eudivoria,
que ten o poder
de atraer os sons,
pois estes percorren o
aire durante séculos
dende que se emiten.*

*Non hai no arredor Santa
Para escorrenta-los demos
Como a que en Vilanova temos,
A Virxe do Cristal os afasta.*

*Acoden como rabaños
De cordeiros ou de ovellas,
A Vilanova, homes e meigallas
Que teñen no corpo os diaños.*

*Por se o diaño se alporiza
E o mal no corpo se atopa,
Lapan fechiños e unba copa
De augardente xa bendita
Os demos, remolóns fanse,
Mais cando a Santa os apreta,
Pola porta da Torre máis aberta
Que atopan, do corpo vanse.*

*Xunto a Virxe do Cristal chegan
Romeiros para espantar meigallos,
Levan de oliveira ramallos
Que en auga bendita mollan.*

*¡Cantos van, sen devoción
Pola troula, que lles gusta,
A Romaría da Nosa Santa,
Teñan os demos ou non!*

*Quen o dubide, a Vilanova
Pode ir: quen isto escribe non minte.
Mais, se o demo no corpo sinte
Recuncará en Meiganova.*

*En Meiganova dos Trasnantes
xúntanse meigas, trasnos e feirantes.*



E ata a próxima Romaría de Vilanova, que se a de Meiganova imos, Deus nos deixe ir baixo o amparo da Virxe do Cristal.



2° PREMIO Concurso Artístico
Jesús Vázquez Nieto